

Bases Concurso Internacional de Longametraxes Ópera Prima FKM 2018

O Concurso Ópera Prima, organizado polo FKM, Festival de Cinema Fantástico da Coruña, consta dunha selección de primeiras e segundas Longametraxes de directores/as. O seu obxectivo é contribuír ao desenvolvemento da Industria e as Artes Audiovisuais, fomentando a incorporación de novos e novas cineastas á cultura cinematográfica.

REGULAMENTO

- 1) Concurso de ámbito nacional e internacional organizado polo FKM, Festival de Cinema Fantástico da Coruña, (en diante FKM ou a "Organización do Festival") no que poderán participar Persoas Físicas ou Persoas Xurídicas. A data de produción das obras será 2017/18.
- 2) Só se aceptará unha obra por autor que deberá ser Estrea en Galicia. Como regra xeral terán prioridade as Estreas en España. O tempo mínimo de duración debe de ser de polo menos 60'.
- 3) Poderán participar no Concurso os maiores de 18 anos e os menores que contén coa debida autorización dos seus titores legais.
- 4) Para presentar películas á consideración do Comité de Programación do Festival, o procedemento máis sinxelo é encher o cuestionario en liña e remitir a película a través da Plataforma FestHome (www.festhome.com) A data límite para inscribirse e enviar o material de visionado é o **15 de Agosto de 2018**.
- 5) O formato de proxección debe ser DCP, Blu-Ray ou arquivos (.mov / .mkv) en H264. No caso de que os soportes sexan DCP, o Festival nunca se fará cargo dos gastos derivados da xerar as DKDM ou KDM.

Cada unha das copias enviadas deberá levar, nun sitio visible, unha etiqueta de identificación que indique: Programación Festival FKM, e inclúa ademais os seguintes datos: título, director/a, duración e contacto. Así mesmo deberá estar a disposición da organización antes do 1 de outubro. Se por un motivo alleo á organización o material non puidese chegar para tal data, esta poderíase ver obrigada a substituír a película por outro de iguais condicións que garanta que o 1 de outubro estará dispoñible para realizar as probas pertinentes.

Os gastos de transporte orixinados polo envío das copias a proxectar corren a cargo do Festival, excepto no caso de que o envío sexa a outro Festival, que deberá asumir estes gastos.

A devolución das copias das películas seleccionadas polo festival efectuarase posteriormente á data de clausura. Se a copia da película é requirida noutro festival antes da clausura de FKM, deberanse especificar as datas exactas para que sexa tido en conta na programación.

CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS

- 6) As obras deberán pertencer aos xéneros de terror, fantástico e ciencia ficción. Tanto en imaxe real como en animación, que participarán conxuntamente e optando aos mesmos premios. Porén Ópera Prima terá en consideración as obras cuxa individualidade as faga merecedoras de xénero propio.
- 7) Durante a selección valoraranse especialmente aquelas obras que mostren unha perspectiva de xénero: Obras que inclúan personaxes de mulleres como protagonistas, evitando a representación de

mulleres como meras vítimas e sen incorrer en tópicos sexistas ou denigrantes.

8) No caso de que sexa necesario subtítular a película, a empresa que a cede deberá proporcionar o material adecuado: link de descarga, DVD ou Blu-Ray e lista de diálogos e / ou subtítulos. O Festival non devolverá estes materiais, os cales serán destruídos unha vez remate o mesmo. Se a película ten distribución no territorio español, a empresa distribuidora deberá proporcionar ao festival unha copia de proxección en V.O. subtitulada ao español ou galego.

9) Todas as películas seleccionadas para a Sección Oficial competitiva Ópera Prima recibirán un certificado de participación por parte da dirección de FKM, Festival de Cinema Fantástico da Coruña.

PREMIOS

10) A Organización do Festival fará unha selección das obras recibidas e entre as seleccionadas realizárase a entrega dos seguintes premios:

- **Premio AMANDO DE OSSORIO do xurado á Mellor Ópera Prima:**
Outorgado por un xurado constituído para o efecto, elixido pola dirección do Festival FKM e que estará composto por profesionais do cinema e da cultura que outorgarán os seguintes premios e galardóns.
 - **Trofeo FKM de bronce á Mellor Ópera Prima:** Inclúe un documento acreditativo do galardón asinado e selado por FKM e os membros do xurado.
 - **Diplomas:**
 - Mellor interpretación
 - Mellor guión
 - Mellores efectos especiais
 - Mellor Banda Sonora Orixinal
 - **Mención de Honra:** O xurado reservarase a posibilidade, se o cre conveniente, de conceder unha única Mención de Honra. Que consistirá nun documento acreditativo do galardón, asinado e selado por FKM e os membros do xurado.
- **Premio do Público á Mellor Ópera Prima:**
O público outorgará por votación o seguinte premio.
 - **Trofeo Percebe Mutante á Mellor Ópera Prima:** Trofeo en resina sintética pintada a man por un/a artista de recoñecido prestixio seleccionado polo FKM e documento acreditativo do galardón asinado e selado por FKM.

11) Premio do Xurado

11a) O número de membros do Xurado de FKM non poderá ser inferior a tres e sempre impar.

11b) O xurado contará cun Presidente designado pola Dirección do Festival, que intervirá nas deliberacións, pero sen dereito a voto.

11c) O Xurado de FKM poderá establecer un regulamento interno de acordo coa Dirección do Festival.

11d) O Premio do Xurado á Mellor Longametraxe da Sección Oficial Ópera Prima será outorgado ao realizador da película, será honorífico, irá acompañado dun trofeo conmemorativo e carecerá de dotación económica.

11e) Os premios non poderán outorgarse ex aequo nin quedar desertos.

11f) A decisión do Xurado será definitiva e inapelable.

11g) A distribuidora gañadora comprométese a sinalar de forma clara na publicidade da película a concesión do Premio do Xurado á Mellor Longametraxe Ópera Prima da 10ª edición de FKM, Festival de Cinema Fantástico da Coruña e incorporar a imaxe dos loureiros facilitada polo Festival FKM.

12) Premio do Público

12a) A elección do premio do público á mellor longametraxe da Sección Oficial Ópera Prima recaerá no público asistente ás sesións de Ópera Prima. Concederáse o premio a aquela longametraxe que teña o maior número de votos ponderados.

12b) O Premio do Público á Mellor Longametraxe da Sección Oficial Ópera Prima será outorgado ao realizador da película, será honorífico, irá acompañado dun trofeo conmemorativo e carecerá de dotación económica.

12c) Os premios non poderán outorgarse ex aequo nin quedar desertos.

12d) A distribuidora gañadora comprométese a sinalar de forma clara na publicidade da película a concesión do Premio do Público á Mellor Longametraxe Ópera Prima da 10ª edición de FKM, Festival de Cinema Fantástico da Coruña e incorporar a imaxe dos loureiros facilitada polo Festival FKM.

13) Todos os premios e galardóns de FKM daranse a coñecer e entregaranse no evento de clausura do festival.

14) Deberase proporcionar ao Festival material publicitario xunto coa obra (fotos, posters, dossiers de prensa, tráiler, etc.), para poder promocionala adecuadamente. FKM resérvase o dereito a non devolver estes materiais.

15) No caso de que a copia resulte danada como consecuencia da súa exhibición no Festival, o propietario comunicará ao Festival antes dun mes, a contar a partir da data de devolución. A responsabilidade do Festival non superará o custo especificado no Formulario de Inscripción pola empresa que cede a película.

16) Os participantes garanten que as obras que presentan a concurso son orixinais, que non vulneran dereitos de terceiros e que non realizaron nin realizarán ningún acto susceptible de impedir ou dificultar á organización e aos patrocinadores o exercicio pleno e pacífico dos dereitos que se ceden ao seu favor en virtude das presentes bases do concurso. No caso de que os participantes incorporen nas obras presentadas a concurso algunha obra preexistente, que non se atope no dominio público, deberán solicitar a autorización previa e por escrito aos correspondentes titulares de dereitos. En consecuencia, os participantes responderán fronte á organización e os patrocinadores por calquera acción ou reclamación que exerza calquera terceiro en relación coa cesión e/ou exercicio dos dereitos cedidos en virtude da súa participación no presente concurso.

17) Os datos de carácter persoal facilitados ao efecto de poder participar no Concurso, serán obxecto de tratamento e incorporados ao correspondente ficheiro de titularidade da Organización do Festival, todo iso con suxeición ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A recollida e tratamento dos datos persoais ten como finalidade a xestión dos participantes no Concurso, así como o envío a devanditos participantes de información acerca doutras actividades e concursos que a Organización do Festival poida organizar no futuro. Os participantes do Concurso autorizan de forma irrevogable e gratuíta á Organización do Festival para facer uso da súa imaxe, en calquera publicidade ou aviso que se realice a través de calquera medio escrito ou audiovisual, xa

sexa en canto ao seu nome como á recepción dos premios.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en relación cos datos solicitados con ocasión do Concurso, o interesado deberá dirixirse por correo a fkmcine.org

18) A organización do certame decidirá os días e as horas da proxección dos mesmos durante o festival.

A organización unicamente contactará cos directores/produtores/distribuidores das obras seleccionadas, que recibirán instrucións para o envío das devanditas obras nos formatos de exhibición descritos no punto 5. Esta comunicación pode ter lugar até finais de Setembro.

19) Calquera cuestión que xurda ao longo do Festival, non contemplada no presente Regulamento, será decidida pola organización. Así como poderá autorizar excepcións que poidan contribuír a un maior éxito do concurso ou a unha mellora da xestión.

20) A inscrición ou o envío dunha película ao festival implica a aceptación incondicional destas bases. Unha vez aceptadas a presenza da película enviada ao festival será irrevogable.



Festival de Cinema
Fantástico da Coruña